

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

CORRECCIÓN de erros. RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega e se convocan para o ano 2018.

Advertido erro na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 100, do 28 de maio de 2018, procede facer as oportunas correccións:

Na páxina 26155, base sétima, punto 3, onde di: «j) De ser o caso, declaración responsable de que o guión proposto tivo subvención da Agadic á creación audiovisual.», debe dicir: «j) De ser o caso, declaración responsable de que o guión proposto tivo subvención da Agadic á creación audiovisual con posterioridade ao ano 2013».

Na páxina 26155, base sétima, punto 3, debe engadirse:

«l) Declaración na cal se especifique se se realizou *teaser* do proxecto».

Na páxina 26166, base décimo sétima, onde di: «A persoa beneficiaria deberá presentar no Rexistro da Agadic, tendo de prazo máximo ata o 1 de agosto do ano 2019, a conta xustificativa da realización do desenvolvemento do proxecto subvencionado, que conterá:», debe dicir: «A persoa beneficiaria deberá presentar no Rexistro da Agadic, tendo de prazo máximo ata o 31 de xullo do ano 2019, a conta xustificativa do desenvolvemento do proxecto subvencionado, que conterá:».

Na páxina 26166, base décimo sétima, punto 1, onde di: «a) Guión.», debe dicir: «a) Guión da obra audiovisual. No caso de series e miniseries, deberase entregar o guión de dous capítulos».

